

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

*ANUNCIO do 12 de abril de 2012 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Xinzo de Limia (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e nos artigos 13 e 14 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, sométese para os efectos e durante o prazo que logo se precisa a seguinte documentación:

– Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Xinzo de Limia (Ourense): sométese a información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Durante o prazo referido, calquera persoa poderá examinar a devandita documentación en horario de oficina nas dependencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no concello de Xinzo de Limia e presentar ante o IGVS as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes. Así mesmo, a documentación poderá ser consultada na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2012.

Antonio José Boné Pina  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo